

## **ANEXO Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS CORRESPONDENTE AO CURSO ACADÉMICO 21/22**

### **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.**

Debido á ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, procedemos á modificación dos criterios de avaliación e promoción da programación do Departamento de Matemáticas nos seguintes termos:

Na programación didáctica figura unha convocatoria ordinaria a primeiros de xuño de 2022 e unha extraordinaria (que substituíra á antiga convocatoria de setembro) a partires do día 22 de xuño de 2022. Con motivo da citada orde desaparece a convocatoria extraordinaria, de xeito que o día 6 de xuño celebrárase a 3ª avaliación parcial e o día 23 a avaliación final, segundo o calendario establecido polo centro.

Para adaptarse a esta nova normativa aparecida no medio do curso académico, e sempre pensando en favorecer en todo o posible a superación da materia por parte do alumnado, procedemos ás seguintes modificacións:

- A 3ª avaliación parcial indicada na Orde de 25 de xaneiro asimilárase á avaliación ordinaria que estaba establecida para o día 6 de xuño. Deste xeito, feitas as probas escritas correspondentes á 3ª avaliación, e feito o cómputo global do que sairá a nota correspondente a dita 3ª avaliación, aqueles alumnos e alumnas que teñan unha **media aritmética das tres avaliacións igual ou superior a 5, terán superada a materia. Aqueles outros que teñan unha media inferior a 5 terán a posibilidade de realizar un exame global cos contidos mínimos de todo o curso con data anterior á avaliación do 6 de xuño. No caso de acadar en dita proba unha cualificación maior ou igual a cinco obterán unha avaliación positiva do curso.**

Debido a esta posibilidade de recuperar avaliacións anteriores non superadas no seu momento, ***a nota que figurará na 3ª avaliación reflectirá a cualificación de todo o curso ate ese momento.***

- Entre os días 6 e 22 de xuño realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non tivesen superada a materia, e de ampliación para aqueles outros que si a superasen, con posibilidade de subir a nota que tiñan acadado ate o 6 de xuño.

En canto aos criterios de promoción e titulación, tamén foron modificados como consecuencia da citada orde. Aprobáronse en claustro de 7 de abril de 2022 novos criterios de promoción e titulación do centro en concordancia coa LOMLOE, autorizados pola inspección educativa o día 20 de abril de 2022. Ao igual que sucedía cos anteriores, o Departamento de Matemáticas fai seus completamente ditos criterios de promoción e titulación.